

CONCELLO

DE

36450 SALVATERRA DE MIÑO

(PONTEVEDRA)

DECRETO

Á vista do RD 463/2020 do 14 de marzo, polo que o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o país para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e as súas posteriores modificación e prórrogas, esta Alcaldía, por Decreto núm. 146 / 2020 de data 16 de marzo de 2020, e atendendo á suspensión xeral dos prazos administrativos en todo o territorio nacional, declarou suspendidos de forma expresa os procesos selectivos convocados por este Concello,

Non obstante, no presente caso, dado o número de aspirantes presentados, o proceso selectivo non suporá unha gran afluencia de opositores, e pódese garantir as medidas de seguridade, hixiene e desinfección, e de distanciamento entre as persoas recomendadas polas autoridades sanitarias,

Así, ó amparo do apdo. 4º da Disp. Adicional Terceira do mesmo RD 463/2020, considérase necesario alzar a súa suspensión e continuar coa tramitación por ser indispensable para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos,

E, expirado o prazo concedido ós aspirantes excluídos para formular reclamacións ou corrixir os defectos que motivasen a exclusión no proceso de selección dunha Bolsa de Traballo para realizar nomeamentos interinos de funcionarios para o posto de “Oficial Fontaneiro”,

De conformidade coas Bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno local de data 9 de xaneiro de 2020, e rectificadas por Decretos de Alcaldía de datas 3 e 6 de febreiro de 2020, e en virtude das facultades outorgadas a esta Alcaldía pola lexislación de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro.- Alzar a suspensión de prazos establecida na Disp. Adicional Terceira do RD 463/2020 do 14 de marzo, polo que o Goberno de España declarou o estado de alarma en todo o país para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e acordar a continuación do proceso de selección dunha Bolsa de Traballo para realizar nomeamentos interinos de funcionarios para o posto de “Oficial Fontaneiro”, por entender que é indispensable para a protección do interese xeral ou para o funcionamento básico dos servizos municipais.

Segundo.- Aprobar a seguinte relación DEFINITIVA de aspirantes admitidos e excluídos:

OFICIAL FONTANEIRO

LISTA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS:


	SOLICITANTE	DNI
1	FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, MODESTO	***7283**
2	PARAMOS TRONCOSO, ALFONSO	***1446**

LISTA DE ASPIRANTES EXCLUIDOS/AS:

	SOLICITANTE	DNI	MOTIVO EXCLUSIÓN
1	OTERO CODESEDA, OSCAR	***7718**	Non acredita a titulación requirida

Terceiro.- Designar o Tribunal cualificador para a selección, que estará integrado polos seguintes





C O N C E L L O
D E
36450 SALVATERRA DE MIÑO
(PONTEVEDRA)

membros:

PRESIDENTE/A:

- Titular: Dionisio Calvarro Sánchez, técnico auxiliar de mantemento da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Suplente: Roberto Martínez Padín, xefe de sección de mantemento da Deputación Provincial de Pontevedra.

VOGAIS:

- Titular: Sabrina Pérez Rodríguez, funcionaria pertencente ó grupo C1-Corpo Xeral da Xunta de Galicia.
- Suplente: Marta Molíns Otero, funcionaria pertencente ó grupo A1-Escala Xeral da Xunta de Galicia.

- Titular: Perfecto González Soto, Xefe da Policía Local
- Suplente: José Serantes Nascimento, Policía Local

- Titular: José Fernando Caeiro Paz, técnico auxiliar de mantemento da Deputación Provincial de Pontevedra.
- Suplente: Antonio Tubío Fungueiro, oficial de mantemento do Centro Príncipe Felipe da Deputación Provincial de Pontevedra.

SECRETARIO/A:

- Titular: Ricardo Grandal Pazos, Auxiliar administrativo do Concello
- Suplente: María Josefa Otero Castro, Auxiliar administrativo do Concello

Cuarto.- Notificar o presente acordo ós membros designados para o seu coñecemento.

Quinto.- Convocar ó Tribunal para a súa constitución, que terá lugar na Casa do Concello de Salvaterra de Miño o día 12 de xuño ás 9:00 horas.

Sexto.- A realización da proba práctica será o día 16 de xuño ás 09:00 horas na Casa do Concello de Salvaterra de Miño, debendo portar os aspirantes a documentación acreditativa persoal.

Sétimo.- Publicar a relación definitiva de admitidos e excluídos no Taboleiro de Anuncios e páxina web do Concello.

Oitavo.- Dar conta do presente Decreto ó Pleno do Concello a efectos de que quede enterado do seu contido.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa, D^a Marta Valcárcel Gómez, en Salvaterra de Miño; diante de min, a Secretaria, que dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE NA MARXE

TABOLEIRO DE ANUNCIOS E PÁXINA WEB / SEDE ELECTRÓNICA MUNICIPAL



Cod. Validación: 9CAW94KPJEM8PSQLEJQG43KEF | Corrección: <https://concellosalvaterra.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2